

## A teta sobre o sol

**Olga Novo**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

NOVO, OLGA (2011 [1999]). *A teta sobre o sol*. 2ª ed. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal (ed. orixinal: Edicións do Dragón, 1996). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/382>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

NOVO, OLGA (1999). *A teta sobre o sol*. 2ª ed. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal (ed. orixinal: Edicións do Dragón, 1996).

\* Edición dispoñíbel desde o 15 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



a teta sobre o sol

Olga Novo





# a teta sobre o sol

Olga Novo



Este libro publícase  
co apoio da Comisión Europea.

a teta sobre o sol  
Segunda edición  
Primeira edición - Edicións do Dragón 1996  
© Olga Novo  
Letras de Cal

Ilustración:  
Sara Lamas

Edita:  
A. C. Amaía  
Apdo. 142, Compostela  
Galiza, outubro 1999

Imprime:  
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-8-7  
DL: PO-181/99

para Luís, desde a polpa.  
para Blue, sempre nós nus.

Amar sexa tal vez, como sucede nas artes do  
mar e nas da terra,  
saber conservar o que se amou  
saber gardar o que se amará  
pero coa mesma intensidade coa que se ama.



Desde tódolos confins da terra e dos tempos se sabe onde residen a beleza e a verdade, aínda que todo se cale e todo se tema porque a paixón se controla furiosamente baixo o disfraz do decoro, baixo a presión da conveniencia, baixo as sete chaves do inferno da mentira e do desamor. Por iso onde escribamos lugar entenderán patria e onde digamos desexo entenderán provocación : todo se distorsiona nos ollos que miran pero non ven e nas palabras que xulgan pero non crean. Así foi e así é desde que a miña memoria de nena e de vella recorda pero non concorda. Eu, que habitei na raposeira e tiven a pel pegada á terra, négame a vivir escindida entre pensamento e pracer, entre teoría e práctica, aspiro a experimentar todo de todas as maneiras, como desexaba Álvaro de Campos, e que na miña apertura nunca desespere a esperanza.

Como proclamaba Claude Courtot, a civilización teme, por riba de todo, a palabra revolucionaria dos poetas e o grito dos amantes xa que poden suspender a súa marcha sinistra nos segundos eternos do orgasmo.

Só así quizais poderemos ler pracidamente o libro da vida, namentres me amas e a carón tan só se produce a fusión dos átomos nunha mazá madura.

Olga Novo





E que non se poda dicir con fundamento  
que non sabemos nada do amor. Pois do  
amor nada se sabe nunca. Só isto sabemos.  
Quid?, meus amores.

(Carmen Blanco)

Aínda que tódalas formas do amor chegasen  
a ser de tal natureza que me decepcionasen,  
eu non faría menos que comezar por  
dedicarlle a miña vida

(André Breton)

E coas primeiras puntadas da alba  
Estou cosido ó teu ventre,  
Raposa.

(Juan Abeleira)



canto primeiro con acompañamento  
de pao de chuvia

*di-me  
os números das cousas que  
necesitamos para construír  
a memoria da vida que comeza.*  
(X. Ma. Álvarez Cáccamo)

pequena camoesa  
enxoibal  
muiña  
na cola dos cines  
dos teatros.

(tamén eu falaba como fago o pan).

e agora  
ti es viaxar máis lonxe dos países do mapa  
e máis lonxe a miña verba que os seus nomes.

non me corresponde esa tristeza artesanal coma unha xoia  
e entón volvo a preguntar polas estancias interiores do  
[silencio]  
e ti usas dos teus ollos todo o azar que che cabe.

vasme atopar nalgún lugar da noite  
confirmando as cifras da loucura que o tempo nos reserva.

que che aconteza amor de novo  
e invénte-las feitura do entusiasmo  
tan só é un pequeno canto acompañado a pao de chuvia.

e todo canto se pode meter nos ollos

e facer daquilo un día de festa.

ti dábasme pequenos grans de trigo para comer na man  
e amosábasme unicamente as bágoas coas que se fai o  
[pan dos tristes,  
as derrubadas casas nas que viven.

mais eu xa estivera alí noutrora,  
xa comera o pan dos tristes,  
vivira nas súas casas,  
xa comprendera que non reside alí verdade algunha.

despois do encerro no poema  
soamente isto teño que dicirche:

eu non vendo as cáscaras dos anos,  
amo con tódalas persoas do presente de indicativo  
e digo en voz moi baixa  
a maneira de cocer a lume lento  
o xeito de levar a vida a pulso.

se preferín as partes non enxoiadas de cada ópera  
foi porque a miña nai confeccionaba nanas cos seus restos  
e ocórreseme  
que todo depende da humidade da que sexa capaz  
na hora das últimas chuvias de febreiro.

## **informe da pel**

eu chegara como louca  
coidando de non romperme coma un cristal de murano  
no centro mesmo da explosión da vida.

e penso se realmente foran feitas para ti  
as opostas coordenadas dos espazos pechados,  
se chegaras xa a tódolos portos  
e viras a desolación

## caracola

mirar para máis fondo ó resplandor en peza minúscula  
maxia  
ouricela  
amante a barbeito  
que non era non a morte quen te chamaba  
senón a estancia última das caracolas:

revolve-la voz    entrala en carnes  
manter en vilo o amor como as palabras.

Ceguei a ti  
con media adolescencia de retraso  
correndo coma louca polas rúas  
de remotas cidades provincianas,  
tratante de palabras  
coma de gando.

andabas a furgar nas ruínas  
de enormes casais das utopías  
e sen ninguén que te advertise,  
coma un neno, levábaste os dedos á boca.

si,  
a delincuencia era roubar  
para paga-la última letra  
dun vello amor a prazos.

pero eu nacín antes de tempo  
para chegar puntual  
para sacarche  
dos ollos  
o polen  
a paladas.



xalundes

as grandes avenidas  
a luz  
os rañaceos.

como queira que arrole o sol na súa esvástica  
eu levo amor aínda  
levo  
o Courel  
na costura das bragas.

**tear**

falas co movemento co que se fía o liño  
para esconxura-la morte.  
e a túa roca non é máis aló da miña vulva  
e a túa roca non é máis aló da miña vulva.

faro

máis aló desta luz  
permanezo de costas:  
ámame pola borda.

**S**i pois tamén elas son parte de ti  
e do mapa do mundo que manexas  
-dixo Penélope a Ulises-  
que os meus bicos sexan dondos  
porque non borren o seu canto.

## madeira delicada

que non se cumpra nunca a aprendizaxe do amor.  
que neste bosque profundo  
me soes sempre a tambor  
de madeira delicada.

**M**uar. muar coma o ventre dunha vaca  
que precisa do orgasmo coma un facho  
para correr  
polas estancias da vida.

a min,  
primeiriza nos partos  
chámame o mar para romper augas.

## medith mará

mencer ata polas coxas  
amosarche o sangue a pulso a borbotóns  
que non me chegará ó porque desemboco no mar.

ancestral polas areeiras  
quente  
neno coma se comeras astros  
coma se falaras de música de birimbau segundo naces  
volve rogarlle a un deus para que veña aroma torrencial  
ó descubri-la imaxe inaugural do día  
para que o tempo sexa propicio para fincarme o arado.

prometo material semente  
para conquistar formas de cabalos  
ata anegarche as pálpebras:

revelación das herbas  
a tensión natural de ir contigo ó límite  
coma un orgasmo a man entre o centeo.

## cábala

sinalo para ti o tacto alustre de enormes tetos de animais  
e a fluidez de cantos azucres se che ocorran.  
(estou na barriga dos poetas malditos como na do boi)  
e berro en homenaxe á cadela que foi preñez antes que  
[puta.

de aquí á marisma  
a arte de saber  
que me sobes a maré por entre as tetas  
e toda a miña ofrenda será un canastro de líquido coral  
e himalaias de pel de cábala.

asombro dos regos que te abren  
e de cómo me entras na luz  
coas mans manchadas de memoria  
para marchar contigo rabuñarme ós toxos.

eu tiro ó monte mentres que ti ó códice.

retorno á mica orixinaria ó musgo  
verde coma todo o que pobo a o meu xeito de entrar  
[polo mundo.

houbo outro tempo para aprende-la sucesión das albas  
outro para soporta-lo peso das palabras  
pero a min alguén tróuxomos todos e pousoumos con  
[estrondo



e era imprevisto o amor como a materia do vértigo  
era campá matinal  
a estremecerme dentro  
no corazón na cona nos claros do meu bosque  
e no corazón  
na cona  
e nos claros do meu bosque.

## biotopo

A Milagros Polo

cómpre sachar moi fondo  
para non dar co ferro nos cantazos  
e aclimata-los ollos ó traballo manual  
de colle-la polpa dos días con corpo de mazá.

cómpre rebentar de cara adentro  
co sol e o mar e cantos lumes sexan conservados na  
[memoria  
e saberse fósil anaco de cuncha  
bisonte ou fento  
a rotación e a cópula.

## musgo

rozar aínda que sexa un intre na distancia  
a plenitude coral dos teus ollos de antano.  
qué impresionante muller de argazo che inspiraría  
lique tan fondo e musgo tan preciado.

eu veño recibirte na pel das froitas máis prohibidas  
e camiñar contigo en dirección á polpa  
zugar no útero mentres suceda o licor.

o día en que se acabe  
arderame na boca cun sabor sempre doce  
porque a vida resúmese  
a entrar nun círculo a bailar  
por un momento  
a danza, tolamente, das abellas.

## rumor da froita

pezas de cristal  
roxadas pezas de cristal das miñas mans iguais ó liño  
orfebre  
creadora de burbullas  
para mante-la temperatura das pérolas  
das que procede o iris.

miña é a medición do mercurio  
e a decisiva busca do manancial  
que me devolva a correntes con azar de baias.

e que ninguén me busque  
e que ninguén me busque exposta como estou á madrugada  
regresada nun instinto de rumor de froita  
devastada na constancia de coce-lo amor a lume lento  
reventada na percura dun perfume incendiario  
de lentísima flor de cerdeira.

e era que non te decatabas  
de que comigo viñera xa o desxeo  
e un arrecendo a incensos e a fulgor primario  
e un fulgor primario e delicias artesás para escarchar  
tenrura  
se é que por acaso  
te namorara irremediabilmente a chuvia.

## estraña pedra

exacta para cos cántaros  
aló ía eu polo camiño real como polas trenzas  
e todo era todo  
no noso amor coma papel de estraza  
e ti todo en ti todo  
pechado a cal e canto.

muller máis gutural  
a ras con ras  
en desbandada  
báltica polo cu igual que un cántico  
aberta para a hora seguinte  
en anacos grandes de cabazo  
e ti poste  
si poste  
poste  
como se pon o sol.

## a fauna musicada

por ti foi a orde de ceibar cabalos polas gándaras  
cando aínda non había indicios da soberbia luz  
e había que ferver auga por auga o corpo da muller nas  
[areiras  
ela levaba arrastro unha maneira de auga-la tarde  
desprovista toda do silencio  
conservaba intacto o cheiro colosal dos labios en  
[cuarto crecente  
convertida en ornamento de faunas musicadas  
e o arrollo dunha xoia en prata batida contra os cons.  
e se viras cómo era elemental contra da lei: estaba rota.

ó norte

espasmo igual que a mai a punto de chegar á madrugada  
é adentrarse nun movemento sen trazas de extinguirse  
é remar a contragolpe  
fuxir en labirinto no momento de rebentar toxais.

na roda estricta e necesaria como praia precisa  
para chegar finalmente á flor da cerdeira  
morrer para a promesa de renovarlle o nome á camelia:

nena total,  
carnota é nos teus dedos,  
azar como ananás.

ó norte de tódalas cousas  
aquí hai que falar como quen se arranca a lingua.

## grana destilada

será que se resolve en ti  
o presaxio de tódolos azucres anteriores.

cada un abriu a súa persoal música densa  
internáronse espidos en preciosos detalles  
e alí trazaron enormes vendavais  
dilatáronme máis  
e fun a máis mollada.

a miña vulva veu nun epitafio de grana destilada:

morrer xa non me importa  
desde que sei  
que bicarte é un golpe seco na caluga.



## ó ventre das baleas

esta é a hora do reverso da luz á que arriban  
os últimos pesqueiros  
o momento que marcan os oráculos  
para baixar á fonte a redimi-la rosa  
abrir tódalas fiestras ata que nos arrase o vento  
e encamiñarse logo ó ventre das baleas.

pero ti  
non sabes chegar súbito a explosiona-lo azucre das laranxas  
nin consegues manexa-lo envoltorio das mapoulas  
e nin sequera ascendes a auga-lo peito en sinal rústico.

porque  
para iso  
hai que bordea-lo son ó pé do último acorde  
e escorrerte como se corre o risco  
de estar á vida  
como se está á morte.

de peixe ou de caoba

podes colocarme de peixe ou de caoba.

pero non queiras que pase sen clamor  
evocando loucuras aparentes  
transcorrendo entre perfebas de mañás  
medindo unha invasión que me precipita en lontras  
e ofrecerche o delirio clausurado na prudencia.

pero non me pidas  
que entrada en ti non deixe detrás a forza elemental  
o incendio todo.

podes colocarme de peixe ou de caoba.

pero non queiras  
que non procure o improbábel mar, o que se canta,  
que entrada en ti non deixe detrás a forza elemental,  
o incendio todo.

## a teta sobre o sol

aquilo era a maduración final de toda a miña lava  
e a entoación rotunda dos meus cantos de nena  
a absoluta forza coa que tiraba polo carro  
recibindo o alento dos beizos da outra vaca.

bailar en maio exactamente igual que se rebentaras uvas  
deixarte alimentar beber coma quen vive  
o leite derradeiro  
saíndo dunha teta disposta sobre o sol.

Este libro rematouse  
de imprimir nos talleres de Litosprint  
cando se facían 73 anos  
do encontro azaroso  
entre Nadja e André Breton  
na Rue Lafayette



Son a práctica do que che escribo. Por iso proclamo a impudicia como extrema pureza. Suceda o que suceda, son a secreción das múltiples memorias do meu amor. Persigo a lucidez porque un día terei o cerebro ó nivel dos labios, a mística suficiente para rebentar o cráter das imposicións que se cernen sobre nós. Para nos protexer como especies antigas capaces de todo lume teño murallas anteriores ás murallas. A estas fonduras só acepto intelixencia emocional, e así onde cada cousa ten nome, extinción ou crenza, unicamente teño veas. Non escribo para algo, escribo para alguén, e como todo se ten cando se dá todo, non busco a perfección senón a intensidade.

Olga Novo (Vilarmao-Lugo, 1975)

*a teta sobre o sol*, 1ª ed., Edicións do dragón, 1996.

*Nós Nus*, Edicións Xerais, 1997.

*Amar é unha india*, Unión Libre 2, 1997.

